

***ATÉ AS PRINCESAS
SOLTAN PEIDOS***

Tradución do EDLG do CEIP Plurilingüe Irmáns Villar

Ao voltar da escola, Laura chamou a seu pai e preguntoulle:

- Até as princesas soltan peidos?
- Por que queres saber iso? – preguntoulle seu pai, curioso.
- É que, pola escola, din cousas... Pero, antes de contarche que pasou, quero que respondas á miña pregunta.
- Creo que si, que as princesas tamén se tiran peidos – respondeulle seu pai, con toda a delicadeza do mundo.

Non pode ser, papá; a discusión que tivemos na escola foi por iso. Marcelo díxonos, ás nenas, que Cincenta soltaba moitos peidos. Todas lle dixemos que iso era imposible, que ninguna princesa do mundo solta peidos. Pero agora creo que Marcelo podería ter razón... Papá, ti como sabes que as princesas soltan peidos?

O pai, a quen lle gustaban os libros e as boas historias, como a súa filla, levantouse, dirixiuse á biblioteca, mirou a Laura e fíxolle un xesto co dedo sobre os seus beizos. Díciulle que debían permanecer en silencio. Tras uns minutos de búsqueda, o pai atopou un libro que, polo seu aspecto, debía ter máis de douscentos anos.

- Que é iso, papá?

O pai puxo cara de misterio, achegouse coa súa filla ao escritorio, pechou a porta da biblioteca e díxolle, nun susurro:

- Este é o libro segredo das princesas.

Ao oír aquelas palabras, o corazón de Laura desbocouse.

- E que conta este libro, papá?
- Todos os segredos das princesas máis famosas do mundo. Incluso hai un capítulo titulado “Problemas gastrointestinais e flatulencias das princesas máis encantadoras do mundo”.
- Problemas gastrointestinais e fratulencias das princesas máis encantadoras do mundo? Que quere dicir iso, papá?
- Neste capítulo temos algún relatos moi segredos sobre os peidos que soltaron as princesas. Por quen queres que empecemos?
- Por Cincenta, papá, por Cincenta!

- O pai pasou algunhas páxinas do libro, Cando chegou a que buscaba, leuna e díxolle a súa filla:

- Recordas a noite do baile de Cincenta?
- Si!

Aquela noite, ela estaba moi nerviosa. Antes de ir ao baile, comera dúas barriñas de chocolate que a madrastra tiña escondidas na despensa. Á hora do baile, o príncipe apertou moi forte a cintura de Cincenta, ela non o puido soportar e soltou un bo peido, xusto no mesmo momento no que o reloxo daba as campadas de medianoite.

- Caramba, papá! Iso quere dicir que o príncipe non o notou?
- Non, filla.

- E Brancaneves?

O pai pasou algunhas páxinas, olleounas e logo dixo:

- A comida que cociñaban os ananos era moi pesada: gustáballes o touciño, o repolo fervido, os queixos, os pasteis de pexego... Brancaneves xa estaba un pouco farta de toda aquela comida chea de colesterol. Cando a madrastra lle deu a mazá envenenada, nin sequera chegou a probala: soltou un peido tan pestilente que resultou ser tóxico. Por iso se desmaiou.
- E por iso os ananos a puxeron nunha furna de cristal, para que ninguén notara o mal que ulía?
- Así é, miña filla.
- E como puido o príncipe achegarse tanto?
- Aquí pon que o día que o príncipe pasou polo bosque e viu a furna de cristal, tiña unha gripe descomunal e o nariz moi tapado.
- Vaia, se non chega a ser pola gripe, Brancaneves aínda estaría na furna...
- Podes estar segura - repondeulle seu pai, convencido.

- E a Sireniña?

O pai buscou entre as páxinas do libro e, finalmente, díxolle:

- Era a princesa que mellor podía ocultar os seus problemas gástricos. Cando daba aquelas voltas dentro da auga... era só para disimular, e cando emerxían as burbullas... dicía que eran as algas que eructaban.
- Pero, aínda que solten peidos, continúan sendo fermosas princesas, verdade, papá?
- Si, filla. Son as princesas máis fermosas do mundo, pero ata as princesas soltan algún peido. O importante é que non contes este segredo por aí.